

**INFORME DE COORDINACIÓN CURSO 2021-2022  
GRADO EN RELACIONES LABORALES Y RECURSOS HUMANOS  
FACULTAD DE CIENCIAS JURÍDICAS Y DEL TRABAJO  
UNIVERSIDADE DE VIGO**

---

Índice

I. Información xeral .....	2
II. Coordinación.....	2
III. Accións de coordinación .....	2
IV. Conclusións .....	7

---

**I. INFORMACIÓN XERAL**

Denominación do título	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-Campus Universitario de Vigo
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	
Curso de implantación	2009/2010 (plan antigo) e 2015/2016 (plan vixente)

---

**II. COORDINACIÓN**

Coordinación de títulos	María Belén Fernández Docampo
Equipo coordinador do curso (se procede)	Non existe

---

**III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN**

Descríbanse as accións realizadas no curso académico:

Consonte o art. 54 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Vigo, o 1 de febreiro de 2021, á Coordinación dos Títulos de Grao, correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións:

d) Redactar ao remate cada curso académico un Informe das actividades, reunións e comunicacións realizadas no devandito período así como das incidencias no desenvolvemento da docencia e as súas posible solucións.

### **1.- COMUNICACIONES ENTRE A PERSONA RESPONSABLE DA COORDINACIÓN DA TITULACIÓN e OS COORDINADORES/AS DE MATERIAS.**

O curso 2021/2022 comezou co proceso de elaboración das guías docentes das distintas materias da titulación, o que é a práctica habitual de todos as anualidade. Para ese curso que ía comezar, parecía terse superada, en termos xerais, á necesidade de docencia en remoto, total ou parcial, que acontecera nos cursos anteriores, no 2019/2020 e no 2020/2021, por mor da COVID-19.

En definitiva, para ese curso 2021/2022, o proceso iniciouse no mes de xuño de 2021 coa revisión xeralizada de todas as guías da titulación na aplicación docnet por parte desta Coordinadora e a corrección de deficiencias formais, poucas, sempre en constante comunicación coa área de Calidade e que foron solventadas en prazo. As máis comúns foron, como é habitual, a existencia de materias sen coordinador/a ou con coordinador/a erróneo, o que adoita ser a translación dun envorcado incompleto de datos por parte dos departamentos derivado de lagoas existentes á hora de elaborar os POD.

O proceso continuou coa apertura da aplicación docnet para todo o profesorado e a correspondente orde de elaboración das guías docentes. Do mesmo xeito que en anos anteriores, optouse pola comunicación directa e individualizada a través do correo electrónico entre a Coordinadora da Titulación e os/as Coordinadores/as de todas as materias. Trátase dun modo de comunicación rápido e operativo, que permite, ademais, unha atención particularizada ás demandas de cada un dos docentes responsables das diferentes materias. Con todo, tendo en conta que levamos mais dunha década elaborando e revisando guías docentes, os Coordinadores/as das materias están xa moi prácticos con esta obriga, o que facilita moito a labor de coordinación.

Coa elaboración das guías, en primeiro lugar, preténdese que os seus contidos adáptense plenamente á Memoria do Título aprobada o 23 de marzo de 2015 Ao tratarse dunha Titulación que reformaba

outra xa funcionamento –aprobada no ano 2009-, a súa implantación fora progresiva, curso por curso desde a súa aprobación, de xeito que xa no curso 2018/2019 quedarán definitivamente implantados os 4 cursos da titulación. Así, para o curso 2021/2022, cuxo informe agora se presenta, as indicacións para a elaboración das guías ou, mellor dito, para a súa revisión e actualización foron comúns para os todos os cursos. Máis aló da adaptación dos contidos das guías docentes á Memoria do Título, o labor de coordinación do seu proceso de elaboración tamén busca conseguir unha correcta distribución e planificación dos contidos do plan de estudos no calendario e no horario académico aprobado na Xunta de Facultade, o que se consegue co labor de elaboración e revisión dos cronogramas de cada unha das materias da Titulación e que para o curso 2021/2022 foi iniciado no mes de setembro de 2020.

Por último, e ao marxe de todo o anterior, non hai que esquecer que a Coordinación da Titulación está sempre dispoñible para solucionar, mediar ou intervir en calquera incidencia ou suxestión que lle poidan expor persoalmente os docentes ou o alumnado, sempre que forme parte das súas competencias.

En definitiva, no que se refire ás accións concretas de coordinación que se materializaron durante o curso 2021/2022, se van sinalar as seguintes:

a) Sobre o ***PROCESO DE ELABORACIÓN DAS GUÍAS DOCENTES***, iniciado no mes de xuño de 2021, pódense sinalar as seguintes accións de coordinación:

1.- 7 de xuño de 2021: remisión de correos electrónicos a todos os coordinadores/as de materias notificando a apertura do prazo de elaboración e revisión das guías docentes, o calendario de elaboración e as indicacións precisas a ter en conta durante o proceso. O prazo de revisión das guías, tal e como consta no calendario académico que se achega, remataba o 13 de xuño de 2021. E todo o proceso consistente na revisión, aprobación peche de docnet e publicación das guías rematou a 8 de xullo de 2021.

b) Sobre o ***PROCESO DE ELABORACIÓN DE CRONOGRAMAS***, desenvolvéronse as seguintes actuacións.

Sobre os cronogramas do 1º cuadrimestre: o proceso foi iniciado o 20 de xullo de 2021, coa remisión dun correo electrónico a todos os Coordinadores/as das materias do 1º cuadrimestre solicitando a elaboración dos cronogramas e proporcionando as indicacións precisas para a súa elaboración. A

fin de unificar criterios, achegábase o modelo de cronograma que debería seguirse por todos os docentes.

Sobre os cronogramas do 2º cuadrimestre: o proceso foi idéntico que para os do 1º cuadrimestre, é dicir, remisión de correo electrónico, o día 20 de xaneiro de 2022, coas debidas instrucións e modelo de cronograma.

As pequenas incidencias xurdidas durante o proceso de elaboración, tanto do 1º como do 2º cuadrimestre do curso 2021/2022, foron resoltas individualmente con cada un dos Coordinadores/as das respectivas materias. Ademais do cumprimento do calendario e unha adecuada distribución do traballo autónomo dos estudantes, prestouse especial atención ao calendario de probas parciais de avaliación continua e presentación de traballos, coa finalidade de evitar solapamentos entre os esixidos nas distintas materias e unha distribución irregular do traballo nas diferentes semanas do cuadrimestre. Chegado o momento, houbo que solicitar varias modificacións que foron debidamente atendidas polos docentes afectados-

**2.- OUTRAS ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN** a través de reunións e/o comunicacións para solucionar incidencias xurdidas durante o ano académico 2021/2022:

No marco das funcións propias da Coordinación do Título en RRLl e RRHH, a persoa responsable da Coordinación mantivo durante todo o curso 2021/2022 unha comunicación fluída e constante con todos os docentes, tentando resolver cada unha das cuestións ou dúbidas xurdidas, algunhas das cales foron custodiadas como evidencias das que non se pode dar conta pola debida protección de datos.

**3. ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN NA REALIDADE ACADÉMICA POSTCOVID.**

Durante o ano académico 2021-2022, seguíronse tomando medidas excepcionais derivadas da realidade Covid, na que o equipo Decanal tivo que recepcionar as dúbidas e queixas por parte de todos os membros da Facultade, alumnado, PAS e profesorado, así como as reunións do PAT para permitir ao estudiantado transmitir as súas inquedanzas, queixas e observacións, ás que esta Coordinadora atendeu de forma especial cando a procedencia era de profesorado ou estudiantado de RRLl e RRHH.

**4.- OUTRAS ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS**

Dende a Coordinación da Titulación de RRLL e RRHH, as actuacións de coordinación tamén se estenden a dar resposta a todas as demandas xurdidas por calquera suxeito implicado nos estudos. En especial, mantense un contacto constante co alumnado de todos os cursos, xa desde o seu primeiro achegamento coa titulación nas Xornadas de Benvida organizadas polo Decanato, como en calquera momento que así o requiran as súas dúbidas ou cuestións sobre os estudos que están a realizar.

Con todo, o evento mais salientable para todo o estudantado da Facultade do Centro, polo tanto, os do Grao en RRLL e RRHH, foi a Feira de Emprego que tivo lugar os días 27 e 28 de abril de 2022, na que foron varias as actividades organizadas para o alumnado e na que esta Coordinadora tivo una participación moi activa. A Feira foi organizada conxuntamente polos equipos decanais da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo e da Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Ademáis de stands nos que diversas empresas e institucións se daban a coñecer e permitían ao alumnado aplicar os seus CV, organizaronse mesas de debate e participación para os alumnos. Entre elas, unha que foi chamada en “primeira persoa” na que varios egresados do Grao en RRLL e RRHH contaban as súas experiencias no mundo laboral. En outra máis, denominada “Xornadas sobre saídas profesionais”, varios profesionais do mundo das RRLL e RRHH daba a coñecer ao alumnado do Grao o mundo laborais e os perfís máis demandados no seu ámbito.

Outros eventos nos que estivo implicada de forma directa esta Coordinadora foron os seguintes:

- Xornadas 3.0. Os estudos de grao en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos. Optatividade, TFG e itinerancia, 31 de marzo 2022.
- A Creación do Premio de Investigación Xurídica en lingua galega Xosé Luis Franco. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo – Área de normalización lingüística, o primeiro premio deste tipo convocado na Universidade de Vigo.
- A celebración do Día das Letras Galegas, coa Xornada As letras galegas e o Dereito, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o 28 de abril de 2022.
- A Xornada sobre Debates sobre as restricións de dereitos fundamentais en situacións de emerxencia sanitaria. A xestión da Covid-19, o 30 de setembro de 2021

Unha vez comezado o curso, setembro de 2021, foron varias as as ocasións nas que esta Coordinadora atendeu ás distintas cuestións suscitadas polo alumnado de calquera dos cursos da titulación en relación cos seus estudos, mobilidade, etc, mantendo reunións informais a través do campus remoto e noutras ocasións informando de calquera cuestión de especial relevancia nas propias aulas.

---

#### IV. CONCLUSIÓN

As accións de coordinación expostas seguen a liña xeral das levadas a cabo en cursos precedentes e iso desde a mesma implantación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos no curso 2009/2010, e tras a súa reforma, no curso 2015/2016. Os resultados académicos obtidos polos estudantes curso a curso, confirman o funcionamento do Título, sen esquecer a valoración positiva que obtivo no mes de xullo de 2016 a través do “Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación” do Título de Graduado/a en Relacións Laborais e Recursos Humanos”, emitido pola ACSUG . En todo caso, esta Coordinadora non quere concluír este informe, sen destacar a inestimable colaboración de todo o profesorado da Titulación sen o que sería imposible poder levar cabo calquera acción de Coordinación de forma exitosa.

Fecha: 8 de diciembre de 2022

Responsable del título: María Belén Fernández Docampo